

ECOLECTORES
O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS

oqueleg



RUMBO A UN MUNDO SUSTENTABLE

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS



Texto por
Cristina Anta Gómez,
mestra e xornalista

Lectura
⌚ 3'

O MUNDO É TAN EXTRAORDINARIO COMO COMPLICADO. UN LUGAR DE RECURSOS LIMITADOS AO QUE AS PERSOAS CHAMAMOS FOGAR.

Ben sabemos que xira arredor do Sol, que ten unha gran cantidade de auga en estado líquido e que unha fina capa chamada atmosfera nos resgarda do escuro espazo exterior e permite que respiremos. Seguramente, estas e outras moitas características do noso planeta contáronnoslas cando eramos cativos, ou nós mesmos, guiados pola curiosidade, descubrímolos a través das páxinas dun libro.

Dependemos da natureza. Precisamos do aire puro para respirar, da auga potable para beber e dunha terra fértil para cultivar. Ademais, non podemos esquecer que non estamos sós. Convivimos con animais e con plantas, e estamos conectados con eles ata tal punto que os necesitamos para sobrevivir. Por iso, o noso principal desafío é aprender a utilizar os recursos con responsabilidade. Cada día desaparecen algunhas desas especies por culpa dos seres humanos. Das 8300 especies de animais coñecidas, o 8 % está extinta e o 22 % corre perigo de extinción.

A Unesco considera que ampliar os coñecementos ecolóxicos, en temas como a enerxía, a paisaxe, o aire, a auga, os recursos naturais e a vida silvestre, é beneficioso para concienciar os máis novos e sensibilizalos ante os problemas ambientais que existen. Porque non debemos esquecer que o futuro está nas súas mans. Eles serán os líderes de mañá e é agora cando a súa capacidade de cuestionarse e de razoar sobre todo aquilo que os rodea, dun xeito lóxico e crítico, pode verse favorecida grazas á lectura.

Non podemos permitírnos o luxo de actuar de maneira imprudente co medio, xa que o uso indebido duns recursos que non son eternos acabará destruindo os nosos ecosistemas, ocasionando altos niveis de contaminación e acelerando o temido cambio climático.

OS LIBROS E AS BOAS HISTORIAS ESTIMULAN A IMAXINACIÓN DAS NENAS E DOS NENOS, IMPULSÁNDOOS A CONTRIBUÍR AO CAMBIO DESDE UNHA IDADE TEMPERÁ.



Unha misión para Clara
Marica Campo

Para protexer o ambiente, e para que os animais non sufran, debemos aprender a manter un equilibrio entre os recursos do noso medio e as nosas necesidades. O papel de cada persoa no coidado da natureza, a unión de todas e todos, e a capacidade de acción son fundamentais e así se reflicte en *Unha misión para Clara*, de Marica Campo; unha historia que nos convida a loitar por conseguir un mundo mellor.

En todas as culturas atopamos na literatura un vehículo para debater sobre o mundo e para descubrir o sentido da vida. Os libros son unha ferramenta privilexiada que axuda a construír a identidade dos máis pequenos nun momento da vida en que calquera peza literaria que cause unha reacción neles contribuirá ao desenvolvemento do seu eu máis íntimo.

Non hai que esquecer que todas e todos temos a capacidade de actuar e de facer cambios. Traballar xuntos para conseguir que este mundo sexa mellor e acadar con éxito cada un dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable na Axenda 2030 é unha necesidade.


A LITERATURA XERA INTERESE, CURIOSIDADE E ESTIMULA AS NENAS E OS NENOS A APRENDER DE XEITO SIGNIFICATIVO AO LER, OBSERVAR E ESCOITAR INFORMACIÓN RELEVANTE E ATRACTIVA.

Xa que logo, se conectamos con eles con enerxía e paixón, seremos quen de facer que se marabilen co noso planeta igual que lle ocorre á personaxe principal de *A tartaruga Amodovou*, de Paula Carballeira, que percorre o mundo a un ritmo que lle permite gozar de todos os tesouros que a natureza nos ofrece.


Un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable busca asegurar a conservación, o restablecemento e o uso sustentable tanto dos ecosistemas terrestres coma dos ecosistemas interiores de auga doce e dos seus servizos; en particular, os bosques, as zonas húmidas, as montañas e as zonas áridas.

Resulta difícil imaxinar un mundo distinto ao que coñecemos, pero, se non traballamos conxuntamente na consecución dos obxectivos, axiña teremos que comezar a cuestionarnos que pasaría se nos faltase algún dos elementos vitais.

Que ocorrería se non existisen as estacións?



A tartaruga Amodovou
Paula Carballeira



Nube de neve
Xabier P. DoCampo

Sen verán e sen inverno, sen xeados e sen neve por mor do quecemento global. Xabier P. DoCampo fainos reflexionar sobre que sucedería se non respectásemos os ciclos da natureza. En *Nube de neve*, DoCampo enfrótanos ao noso egoísmo, sempre disposto a sacrificar o planeta, sen ter en conta as consecuencias, con tal de satisfacer os nosos antollos. A orde das estacións ten a súa razón de ser e calquera alteración repercute negativamente no desenvolvemento da vida.

De aquí a 2030, preténdese lograr o acceso universal e equitativo á auga potable a un prezo asumible por todas as persoas do planeta. Porque, por increíble que pareza, non todos os seres humanos poden beber auga sempre que o precisan.

É O MOMENTO DE ACTUAR, DE LER. PORQUE A LECTURA NON SÓ NOS FAI SENTIR VIVOS, SENÓN QUE É A CLAVE PARA DESCUBRIR TODAS AQUELAS RESPOSTAS QUE NECESITAMOS PARA CONSEGUIR UN MUNDO MELLOR. CADA UN DOS LIBROS QUE DEVORE A NOSA RETINA DEIXARÁ UNHA FONDA PEGADA NO NOSO CORAZÓN.

